



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (24/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e cinco minutos do día trinta e un de xullo de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 22 de xullo de 2026
2. Adxudicación de contratos menores
3. Renovación de tarxeta de estacionamento provisional para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
4. Aprobación da relación de facturas núm. 037XOK/2026
5. Aprobación da relación de facturas núm. 038XRRSE/2026
6. Aprobación da relación de facturas núm. 039XOISU/2026
7. Aprobación de certificación de obras
8. Declaración deserto procedemento de contratación
9. Reinicio Expediente Contratación 2026/C003/000002, Obras Financiadas polo Plan Actuación en Camiños Rurais 2026/2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 22 DE XULLO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 22 de xullo de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2. ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1.- O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e da recibida e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR		
Núm. Expediente:	2026/C002/000014	
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local	
Tipo:	Subministracións	
Obxecto:	EQUIPAMENTO TÉCNICO ASISTENCIAL SERVIZOS SOCIAIS: 3 camas articuladas eléctricas e 1 grúas eléctrica de traslado (segundo Prego de prescricións técnicas que consta no expediente)	
Orzamento base licitación:	4.365,00€	
Prazo de entrega	1 mes dende a notificación de adxudicación	
Aplicación orzamentaria:	231.62900.2632	
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Prestación servizo de axuda no fogar Art. 3.3.a) e Disposición Adicional 1ª e 4ª.1 da Lei 5/2014, de 27 de maio, e art. 80.2.k) Lei 5/1997, de 2 de xullo (LALGA)	
Financiamento:	Deputación provincial - POS+AD1-G.SOC. INVES/2026	
OFERTAS (Solicitadas / Recibidas)		
IGLESIAS SALUD SLU	Importe: 3270,10	Total: 3873,22
ORTOTECO S.L.	Non presentan oferta dentro do prazo concedido	
ESTABLECIMIENTOS ORTOPÉDICOS PRIM SA		

Logo de ver a oferta recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

inxustificados tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao licitador reseñado, no prezo de 3,873,22€, a subministración que se especifica na prego de prescricións e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.
4. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

2.- O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e das recibidas e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2026/C002/000015
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local
Tipo:	SERVIZOS
Obxecto:	Servizo complementario SAF- SERVIZO DE PODOLOXÍA
Orzamento base licitación:	5000,00€
Prazo de execución	Ata 31/12/2026
Aplicación orzamentaria:	231.22797.2615
Necesidade e xustificación do contrato:	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

(art. 118.2 da Lei 9/2017)	cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Prestación servizo de axuda no fogar Art. 3.3.a) e Disposición Adicional 1ª e 4ª.1 da Lei 5/2014, de 27 de maio, e art. 80.2.k) Lei 5/1997, de 2 de xullo (LALGA)	
Financiamento:	Deputación provincial - POS+AD1-G.SOC. Gastos extraordinarios 2026	
OFERTAS (solicitadas/recibidas)		
Licitadora	Prezo por servizo	Límite máximo contrato
Noelia Castro Sande	180 servizos a 22€ cada un	3.960,00 (exento IVE)
Ana María Ardao Paris	180 servizos a 25€ cada un	4.500,00 (exento IVE)
CRISTINA VILA PORTELA non presenta oferta		

Logo de ver as ofertas recibidas, os informes da Secretaría-Intervención e da Traballadora social incorporados ao expediente electrónico e considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

- 1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario** polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
- 2. Xustificar** que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
- 3. Adxudicar á licitadora, Noelia Castro Sande, no prezo de 22,00€ por servizo, cun límite máximo total do contrato de 3.960,00€, a determinar en función do número de servizos realizados,** o servizo que se especifica na memoria técnica, por ser a que reúne as condicións máis favorables en relación coa calidade da prestación e o importe ofertado, garantindo unha adecuada relación calidade-prezo, segundo consta no informe emitido polo departamento de Servizos Sociais.
- 4. Aprobar o gasto** correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5. **Notificar este acordo** á adxudicataria e resto de licitadoras, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.

6. **Trasladar este acordo** ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMIENTO PROVISIONAL PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre a documentación que a acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico do aplicativo Tedec:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola nora da persoa interesada que responde ás iniciais G.G., F. con DNI núm. ***3605**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 16 de xullo de 2026, núm. 202600000000457, o informe favorable da traballadora social do día 29 de xullo de 2026, o informe médico para concesión excepcional e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a concesión provisional da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais G.G., F. válida ata o 30/01/2027, e co núm. 15050-105-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 037XOK/2026

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e sobre o resto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 037XOK/2026 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	037XOK/2026
Importe total	62.523,56€
Número de facturas e gastos que contén	7
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2026/1183
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2026/1395

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 038XRRSE/2026

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 38XRRSE/2026, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados a prezos conformes aos do mercado e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

primeiro.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesarios para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal deles derivados e que, polo tanto, os xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralos como menores aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos que constan no devandito expediente e que se describen nas facturas que integran a relación delas que se reflicte deseguido, ás que tamén se presta aprobación, por discrepar do informado coa argumentación exposta, polas razóns de interese público concorrentes sinaladas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	038XRRSE/2026
Importe total	19.373,56€
Número de facturas e gastos que contén	7
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2026/998
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2026/1411

TERCEIRO.- Imputar os gastos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que nela se indican.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 039XOISU/2026

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a factura a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de examinar a factura incluída na relación delas n.º 039XOISU/2026, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, tramitado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

para a súa aprobación con omisión da función interventora na contratación á que se refire o gasto a recoñecer e no que se pronuncia nos termos e co alcance do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e considerando que consta acreditado que a subministración á que se refire está realizada e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender o gasto correspondente para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que o xustifica de maneira motivada, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlle fronte, que descoñecía a necesidade de fiscalización previa e que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumprir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, e, polo tanto, que concorren razóns de interese público, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar a obriga correspondente ao gasto que contén a relación de facturas que se indica a continuación, ao que se presta aprobación, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao dito acredor e a súa contabilización con cargo á aplicación orzamentaria que nela se indica:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	039XOISU/2026
Importe total	3.476,52€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro de Facturas da Factura	F/2026/1418

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta da certificación de obra, do informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Denominación do proxecto:	Modificado proxecto Acondicionamento cuberta patio CPI Virxe da Cela, reposición peches perimetrais e pintado de prazas e acceso	
Plan:	POS+ 2025	
Orzamento base de licitación	Base imponible:	66.828,21
	Ive:	14.033,92
	Total orzamento :	80.862,13
AUTOR DO PROXECTO	NOME E APELIDOS:	ANTONIO LÓPEZ RODRÍGUEZ
	Titulación:	Arquitecto
DATA DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PROXECTO POLO PLENO:		25-04-2025
DATA DO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:		13-10-2025
DATA DA SINATURA DO CONTRATO		28-10-2025
PREZO DE ADXUDICACIÓN:		79.358.20
Empresa adxudicataria:		CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L
CERTIFICACIÓN Nº 3	IMPORTE	18.969,02 €
	IVE	3.983,49 €
	TOTAL	22.952,51 €

Logo de ver a certificación de obra que se detalla na táboa anterior, presentada pola empresa adxudicataria da obra e o resto da documentación do expediente 2025/C003/000004, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación núm. 3, expedida por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, Director das Obras, e executada polo contratista, Calicanto obras y proyectos, S.L., por importe total de 22.952,51€, e a súa documentación anexa (relación valorada, declaración responsable e factura)
- 2.- Aboárllela á empresa adxudicataria e remítilla á Deputación Provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

8.- DECLARACIÓN DESERTO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Secretario-interventor dá conta do informe da Secretaria da Mesa de Contratación correspondente acreditativo de que non se presentou ningunha oferta nesta licitación no prazo concedido para o efecto, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2025/C004/000002

Denominación do proxecto:	“Mejora pavimentación en las parroquias de Santa Xíá, Val Xestoso y Alto Xestoso”		
Financiamento:	ACTUACIÓNS EN CAMIÑOS RURAIS NO PERÍODO 2026-2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España		
Orzamento base de licitación	Base imponible:	82.686,00	
	Ive:	17.364,06	
	Total orzamento:	100.050,06	
Valor estimado do contrato	Base imponible:	82.686,00	
	Modificacións previstas no proxecto (max. 20%):	Non se prevén	
	Aumento de medicións, certificación final (max. 10%):	8268,60	
	Total valor estimado:	90.954,60	
Autor do proxecto	Nome e apelidos:	Antonio López Rodríguez	

En relación co expediente de referencia e tendo en conta os seguintes ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- O 8 de xullo de 2026, a Xunta de goberno local acordou a aprobación do expediente, do prego de condicións particulares e o de prescricións técnicas, do gasto e a apertura do procedemento para a adxudicación desta obra.

SEGUNDO.- A convocatoria da licitación para a citada contratación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público (09 ao 29/07//2026).

TERCEIRO.- Unha vez transcorrido o prazo para a formulación de proposicións por parte daquelas empresas que puidesen estar interesadas en participar no indicado procedemento, **non concorreu ningunha empresa á licitación en cuestión.**

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1. Son de aplicación ao presente expediente de contratación as disposicións xerais e as relativas á adxudicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), os Pregos de Condicións Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen a contratación, por procedemento aberto simplificado, segundo o artigo 159.1 da LCSP.

2. Procede a aplicación, sensu contrario, do artigo 150.3 da LCSP, do que se desprende que o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación, ben cando non se presentasen ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: **Declarar deserta** a adxudicación do expediente de contratación por non presentarse ningunha oferta, consonte o disposto no artigo 150 da LCSP.

Segundo.- Publicar este acordo o na Plataforma de contratación do Estado,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

9.- REINICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN 2026/C003/000002, OBRAS FINANCIADAS POLO PLAN ACTUACIÓN EN CAMIÑOS RURAIS 2026/2027, COFINANCIADAS CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2023-2027 DE ESPAÑA.

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que que se transcribe literalmente deseguido, do proxecto, pregos, informes e resto da documentación que, como a dita proposta, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral de Agader, do 18 de xuño de 2026, de concesión de subvención por importe de 82.378,04€, ao abeiro da Resolución do 30 de decembro de 2025, pola que se aproban as Bases reguladoras e convocatoria das axudas para actuacións en camiños rurais 2026-2027, acordos anteriores dos órganos de goberno deste Concello, informe de fiscalización e restante documentación deste expediente núm 2026/C003/000004, e que quedou deserta por falta de presentación de ofertas, logo de convocarse, a anterior licitación desta obra (expediente 2026/C003/000002), á vista das características do contrato, considerase que o procedemento aberto simplificado, co prezo máis baixo como único criterio de adxudicación, é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo e non tratarse de ningún dos contratos aos que se refire o art. 145.3. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP);

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Propóñolle á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1.- **Xustificar a necesidade de realizar a obra** definida no proxecto técnico nomeado, “MEJORA PAVIMENTACIÓN EN LAS PARROQUIAS DE SANTA XIÁ, VAL XESTOSO Y ALTO XESTOSO”, elaborado polo arquitecto, contratado para o efecto, Antonio López Rodríguez, por importe 82.686,00€ máis 17.364,06€ de Ive que fai un total de 100.050,06€, para dotar á veciñanza e demais usuarios das melloras que se describen detalladamente no devandito proxecto técnico, motivándoa polo mal estado no que se encontran as vías afectadas que, de seguir así, farían imposible a súa utilización e a prestación do servizo mínimo obrigatorio correspondente, resultando idóneo o obxecto e contido do proxecto para satisfacela.

2.- **Aprobar** definitivamente o devandito **proxecto**

3.- **Non aplicar a división en lotes** polos seguintes motivos e consideracións relativas ás súas circunstancias e ás consecuencias que suporía para o Concello:

- ☐ A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- ☐ Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.
- ☐ Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- ☐ A división en lotes suporía unha demora na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación Concello.

4.- **Aprobar os pregos** de cláusulas administrativas particulares e anexos que haberán de rexer a contratación de dita obra mediante procedemento aberto simplificado cun único criterio de adxudicación: o prezo máis baixo, e publicalos na forma que se indica deseguido.

5.- **Aprobar o expediente de contratación** da devandita obra.

6.- **Proceder a súa contratación**, utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, xunto co restrinxido, polo artigo 131.2 da LCSP, neste caso simplificado por

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, e cun único criterio de adxudicación, de avaliación automática, relacionado cos custos: o prezo máis baixo.

7.- **Dispoñer a apertura do procedemento** convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, que inclúen o cadro de características do contrato, anexos, memoria xustificativa do contrato, o proxecto técnico e certificación do presente acordo. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.

8.- **Aprobar o gasto** correspondente, autorizándoo con cargo a aplicación orzamentaria 453.2641.61100.

9.- Actuará como mesa de contratación a Mesa de Contratación da Xunta de goberno local do Concello de Monfero, nomeada polo Pleno da Corporación mediante o seu acordo do 19 de xullo de 2023 e publicada a súa composición no *BOP núm.14*, do 03/08/2023.

10.- Facultar expresamente o Sr. Alcalde en funcións para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e trinta e tres minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario